

EDITORIAL

O 1 de decembro deste ano cumpriuse o 35 aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor, un dos grandes da nosa literatura. Co gallo disto, o pasado 15 de novembro estreouse no Festival de Cine de Ourense A esmorga, versión cinematográfica da mais aclamada obra deste autor, coa que renovaría a nosa literatura. Por todo iso, este boletín centrara as súas páxinas en Blanco Amor e en A esmorga, deixándovos na última parte a opinión das membras e dos membros do noso faladoiro sobre esta película e o libro homónimo.

Ademais presentámosvos o III Duatlón Cross Ribadumia, que terá lugar o 28 de Decembro, como sempre a beira do Umia en cabanelas.

Polo demais, bo nadal a todos e a todas. Vémonos o ano próximo.


Saúdos.



INDICE

- Persoeiro do mes :Eduardo Blanco Amor.
- Axenda Cultural.
- Outros eventos
- Artigo: Faladoiro Literario: A esmorga : libro vs película

PERSOUEIRO DO MES : Eduardo Blanco Amor.



Blanco Amor, fillo dunha familia pobre de Ourense, cuxo pai abandonou o fogar cando só tiña tres anos, foi un neno enfermizo que non recibiu unha educación formal, adquiriu coñecemento, sobre todo, de maneira autodidacta, aínda que tamén recibiu o maxisterio de Vicente Risco na escola normal; personalidade esta que supuxo unha influencia fundamental no seu posicionamento en defensa da cultura galega. En 1915, á idade de dezasete anos, comezou a traballar como secretario de dirección en *El Diario de Orense*. Durante esta época frecuentou os faladoiros de Vicente Risco.



En 1919 emigrou a Buenos Aires, onde continuou en contacto con intelectuais galegos da emigración, tomando parte activa na *Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales*, fundada en 1921, que pretendía aglutinar tódolos inmigrantes galegos e da que chegaría a ser director do seu órgano *El Despertar*

Gallego. No 1924 coñece a Ramón Suárez Picallo, que había ser o seu gran amigo. En 1923 fundou con Ramiro Isla Couto a revista *Terra*, en lingua galega. Máis adiante participou tamén noutra publicación galeguista chamada *Céltiga*, da que tamén será director. En 1926 entrou a formar parte do diario arxentino *La Nación*, onde coñeceu escritores arxentinos como Leopoldo Lugones, Horacio Quiroga, Borges, Sábato e Mallea. Tamén colaborou con publicacións como *Correo de Galicia* e a *Revista de la Casa de Galicia*.

En 1927 publicou a súa primeira obra, *Os Nonnatos*. Ao ano seguinte seguiu a o libro de poemas *Romances gallegos*, encadrado dentro dunha estética modernista cunha forte influencia dos romances casteláns e de Luís Amado Carballo.

En 1928 retornou durante un ano a Galiza como correspondente do diario *La Nación*. Durante este primeiro regreso coñeceu a Castelao e a varios intelectuais do Partido Galeguista e do grupo Nós, e escribiu *Poema en catro tempos*, que publicaría posteriormente na Arxentina en 1931. Dende Buenos Aires colaborou máis tarde coa revista *Nós* con varios poemas e tres capítulos da súa novela inconclusa *A escaleira de Jacob*.

Volveu a instalarse en España como correspondente de *La Nación* entre 1933 e 1935, e coñeceu en Madrid a Federico García Lorca, con quen tivo unha grande amizade e a quen acompañou á casa familiar de Fuente Vaqueros en varias ocasións. É salientable o feito de que Blanco Amor foi o responsable de convencer a Lorca para que publicase os *Seis poemas galegos* (1935).

Defendeu dende Arxentina a legalidade republicana cando se produciu o estalido da guerra civil española. Durante os 20 anos seguintes utilizou unicamente o castelán na súa obra literaria, con obras como *Los miedos* (1936) ou *La catedral y el niño* (1948). En 1956 volveu ao galego con *Cancioneiro*, e en 1959 publicou unha novela de extraordinaria importancia para a renovación da narrativa galega: *A esmorga*. Esta obra desenvólvese en Auria e marca un fito na ruptura das tendencias costumistas e populares da literatura galega, debido á súa técnica innovadora: o único que se pode ler son as contestacións dun reo nun xuízo, que conta as aventuras que o levaron á condena é o modo de, sen facer un texto bilingüe, darlle verosimilitude a un diálogo entre un xuíz, que fala castelán, e un

reo que fala galego. Amais de deberse ao afán de verosimilitude , o silencio do xuíz representa a xordeira da xustiza , o seu papel represor e castigador. A novela, ambientada nos baixos fondos ourensáns, céntrase en tres personaxes transgresores e marxinais que van sendo levados a un final trágico. É ademais a primeira novela galega onde se aborda claramente unha temática homosexual.

En Buenos Aires fundou e dirixiu o *Teatro Popular Galego*, que puxo en escena obras de Lugo Freire, do propio Blanco Amor e doutros autores. Tamén foi director da revista *Galicia*, publicada pola Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales.



Retornou a Galicia o 16 de xaneiro de 1965, e publicou outra obra que tivo gran repercusión, o libro de relatos *Os biosbardos* (1962), relatos en primeira persoa con protagonista e narrador infantil distinto en cada conto. A súa última etapa foi moi fecunda, a pesar de ser postergado pola cultura oficial: en 1970 alumeou unha nova edición de *A esmorga*, e en 1972 apareceu a extensa novela *Xente ao lonxe*, onde a través dos avatares que lle ocorren a unha familia de clase obreira, retrata a sociedade urbana, moi estratificada, do Ourense de principios de século. Nos seus últimos anos prestou unha grande atención ao xénero teatral, con obras como *Farsas para Títeres* (1973) e *Teatro prá xente* (1975).

Amais da literatura, practicou a fotografía de xeito afeccionado, cunha cámara Voigtländer. As súas imaxes, máis de 3.000, permanecen sen clasificar no arquivo da biblioteca da Deputación de Ourense. En 2004 Editorial Galaxia publicou o libro *A ollada do desexo*. Obra fotográfica 1933-1973, unha escolma representativa con edición e limiar de Carlos Lema e cunepílogo de Margarita Ledo. Inclúe autorretratos, imaxes de viaxes por lugares como Marrocos, París ou Nápoles, e fotografías de persoeiros como García Lorca, Castelao, Otero Pedrayo, Luís Seoane ou Indalecio Prieto.

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

Finou en Vigo, dunha trombose, o 1 de decembro de 1979, no taxi que o levaba cara o hospital. Foi soterrado na cidade que o viu nacer no cemiterio de San Francisco.

Moitas das súas obras narrativas (A Esmorga, Xente ao lonxe, Os biosbardos) desenvólvense nunha cidade ficticia, Auria, transposición literaria do seu Ourense natal. Os críticos literarios encontraron nas súas ficcións ecos de autores como Valle-Inclán ou Eça de Queirós.

Blanco Amor foi un dos mellores escritores na historia das letras galegas.

No concello de Ourense, a Auria de Blanco Amor, hai un roteiro que pasa polas partes da cidade retratadas en A Esmorga.



AXENDA CULTURAL : Decembro

Auditorio



- **Sabado 6, as 20:00** :Intercambio de bandas da **Agrupación Músico cultural de Ribadumia** e a **Banda Villarejo de Salvanes de Madrid**.

-**Domingo 7, as 19:00** : O trio **A panadaría** presenta o seu espectáculo **"PAN!PAN!"**

- **Domingo 14, as 19:00** : **Via 6** tráenos a comedia romántica **Amor en 3D**.

-**Sabado 20, as 18:30** : actuación da **escola de danza a Saleta**.

-**Sabado 27, as 17:00** : actuación infantil. **Peter Punk**, presenta **Peor Imposible**

- **Domingo 28, as 19:00** : actuación de **Omar Percussion Group**.

OUTROS EVENTOS

: III Duatlón Cross Ribadumia




Un ano mais, e xa van tres, dende esta asociación, e asociados co Náutico O Muiño, organizamos o Duatlon Cross Ribadumia. Unha proba única na nosa comarca, que este ano ademais conta con importantes novidades, tanto no trazado, mais técnico, como na organización, apostando por unha proba popular con importantes premios económicos.

O 28 de decembro, a partires das 10:30 horas, os corredores comezaran a desbrozar cos seus pes e ende as inmediacións das instalacións de o Muiño un percorrido que este ano será mais compacto, cun importante aumento no tramo de monte, que lle dará sen dúbida un plus de espectacularidade para o público e de dificultade técnica para os competidores, pero pasando tamén por suposto por un tramos do paseo fluvial e por moitas fincas particulares.

Para nos, esta é unha das actividades mais importante que realizamos ao longo do ano, onde nos deixamos moitos esforzos. Pero sen dúbida tamén unha prba agradecida, que axuda a impulsar unha disciplina pouco coñecida, pero que cada día conta con mais adeptos.

ARTIGOS : Este pasado 15 de Novembro estreabase a versión cinematográfica de A Esmorga, e no noso faladoiro quixemos ir a vela e logo comentar libro e película de vez. Este foi o resultado, talmente poderedes encontralo na sección do faladoiro na nosa páxina. Esta é a nosa homenaxe particular o grande Blanco Amor.

OBRA E AUTOR : *A Esmorga, de Eduardo blanco Amor, Na versión de cine dirixida por Ignacio Vilar.*



A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro



: A novela narra a esmorga de tres personaxes, Cibrán o Castizo, Xanciño o Bocas, e Aladio Milhomes, que botan de bebedela un día enteiro e mais a súa noite. Unha borracheira con dramáticas consecuencias.

A película conta exactamente a mesma historia, sen desviarse da novela nin aforrar en detalles .



: O título, para as nosas sabias e sabios condensa os feitos, dado que efectivamente todo acontece ó longo dunha tremenda esmorga. O mesmo tempo, non deixa entrever nada do que vai acontecer, nin do formato da novela, polo que calquera que se aproxime á novela sen coñecemento previo ningún non pode saber se vai ler un libro en tono de humor ou de drama, nin cal é a trama principal da obra, mais alo de que hai a nomeada esmorga.

O cartel de cine, fantástico cos tres personaxes enfontados o seu destino nun escenario cheo de significado e mesmo próximo ó cine de terror, aporta unha pista mais, pequena pero intensa, unha frase da propia novela que quizais condense moito do que acontece na obra : *"ían fechando portas tras de si e guindando coas chaves"*.



: A estrutura da novela marca tres tempos:

- o tempo da historia central, que vai dende a alborada dun luns a ó mencer do día seguinte, narrada por un dos seus protagonistas, Cibrán, a unha terceira personaxe, o xuíz, que estando presente non se chega a expresar, quedando a súa parte na obra representada por un simple guion e tres puntos suspensivos nos lugares onde fala (este recurso é moi importante e ten moito significado , como falaremos mais abaixo)

- liña temporal do que lle acontece a Cibrán namentres da testemuño de todo o sucedido ó longo da esmorga. Contado tamen por el mesmo, pero dun xeito mais sesgado.

- o tempo no que quedan encadrados os dous anteriores, coa totalidade da historia acontecida noutro tempo anterior e recollida a base de documentos, e contada por outra persoa moitos anos despois de ter ocorrido, nun prologo e un epilogo que enmarcan toda a obra.

Toda a novela, dentro do marco do prologo e do epilogo, é así pois unha enorme elipse, que comeza de feito case polo remate, cun preso que relata uns feitos que enlazan logo co final da historia.

Na película os tres tempos existen, pero non do mesmo xeito. Gana moito mais peso o primeiro tempo, o que é toda a esmorga, quedando o segundo tempo como un apoio a narración que a maior parte do tempo é a voz en off de Cibrán, e cun terceiro tempo que no canto de ser un encadre en forma de prologo e epilogo como na novela, pasa a ser mais ben un epilogo fantástico, sen imaxes, so texto, que coincide cas últimas liñas da novela.



: O argumento da historia é tamen bastante complexo. Certamente os feitos poderían resumirse nun par de liñas, falando de que tres persoas se van de borracheira, montan un lio detrás de outro e rematan nun final dramático. Pero tanto Eduardo Blanco Amor como logo, dun xeito fiel, o director da película Ignacio Vilar, dan á historia un fondo moito mais complexo.

En primeiro lugar hai que falar do feito de que haxa na obra unha personaxe, o xuíz, que esta presente interrogando a Cibrán pero que nos non lemos nin vemos, nin escoitamos, e so podemos intuír o que di. Ademais ese xuíz fala castelán. O mesmo tempo a policía, aparece na novela en varias ocasións, pero nunca dun xeito visible, e cando aparece claramente non é para actuar con xustiza. Así que temos unha obra dos anos cincuenta onde se critica moi duramente o sistema xudicial que había naquel momento, dándonos a entender que é mudo, e ademais ineficaz, e por outra banda e co mesmo recurso literario falamos dunha obra bilingüe, pero onde o segundo idioma non se chega a expresar, contraponendo así o castelán co galego, e dándolle a este último unha maior importancia como lingua do pobo, contra a lingua que usan as institucións e neste caso a Xustiza, que se manteñen alonxadas e polo tanto son alleas.

Mais alo disto, para as nosas sabias e sabios o centro da obra non está tanto no que lle acontece a Cibrán, como no que ocorre cos outros dous personaxes, que ó principio da novela xa están de esmorga e xa veñen dunha noite longa, aos que se lle suma o terceiro

protagonista. Así pois, o Cibrán, narrao todo dando a impresión de que é mais un espectador casual que parte participe dos feitos.

Realmente, cando menos para as nosas sabias e sabios, a historia destes dous personaxes, o Milhomes e o Bocas, camuflada no medio de outras moitas cousas e contada por unha terceira persoa que en toda a novela non chega a afirmar claramente que é o que acontece cos outros dous, é a que o autor nos quere contar. E aquí achamos outro dos valores da novela, pois é a primeira novela galega que trata abertamente a homosexualidade, ademais encadrada dun xeito moi real no seu momento histórico e sobre todo no seu medio ambiente, cos problemas a todos os niveis que tiñan os que eran desa condición naquel tempo. Así pois asistimos as dúbidas deses dous personaxes, a esas personalidades moralmente torturadas, que tentan ocultar o evidente, que tentan reafirmarse ante os demais na súa masculinidade a calquera prezo, mentres que na súa intimidade a realidade é outra. Todo isto na novela, inda que claro, acontece dun xeito moi sutil, mentres que na película se fai moito mais evidente, inda que sen chegar tampouco a esclarecerse dun xeito aberto a condición das personaxes, xogando a negación e o despiste en moitos momentos.

O estilo da novela é considerado “tremendismo”, cunha paisaxe dura, fría, húmida, ambientes sordidos, cuns personaxes moi reais e humanos levados a situacións moi duras (ese pes cheos de sabaños do protagonista, que o fan coxear e andar continuamente dolorido). Ese estilo recollese na película dun xeito asombroso, increiblemente logrado, e cun traballo de fotografía, de ambientación e dos actores sobresainde.

Resumindo, porque isto daría para moito mais, todo na novela é importante. Todo, dende os lugares polos que transcorre ata a linguaxe totalmente coloquial que usan os personaxes pasando polr esa ambientación invernal, fría e húmida, esta pensado e estudado para transmitirnos a sensación de desasosiego e de sordidez que non se vai ó remate do libro, nin moito menos ó rematar de ver a película.

CONCLUSIÓN

:O libro non é un dos mais importantes da nosa literatura por casualidade. É unha obra breve, efectivamente, pero moi dramática, moi dura, con moitas mensaxes, e sobre todo moi ben escrita, sen cabos soltos nin anacos prescindibles. Todo ten a súa importancia, todo ten o seu significado. E dende logo supuxo un antes e un despois na literatura galega.



A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

E a película unha marabilla do cine. Unha adaptación dunha fidelidade moi rara de ver, a fotografía e o traballo dos actores incríbles. Dende logo as nosas sabias e sabios saíron moi contentos do cine.

A experiencia de falar dun libro e da súa versión no cine, logo do seu visionado, foi moi enriquecedora, e abriu moitos debates, sobre a relación ente cine e literatura, por suposto, pero tamén sobre a linguaxe, sobre a homosexualidade, sobre as paixóns humanas, ou sobre esta sociedade tan pechada e chea de prexuízos na que vivimos durante moitos anos e que parece non terse esvaecido por moito progreso o que chegamos.